

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2008

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados nas reunións do Consejo de Universidades dos días 28 de maio e 16 de xuño pasados, deténdose concretamente na sesión do día 16 de xuño, en que se aprobou unha relación de vinte e dous novos títulos adaptados ás esixencias do Espazo Europeo de Educación Superior. Tamén lles dá conta dos temas que se trataron na reunión do Consello Galego de Universidades do día 18 xuño, en que a Universidade da Coruña amosou o seu posicionamento a respecto das taxas académicas universitarias, tendo en conta o aprobado para tales efectos polo Claustro da Universidade da Coruña. Logo de dar conta da designación de dona María José Brión Sobrido como vogal da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, remata a súa intervención informando da renuncia formalizada na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola Sra. Jove Santos para seguir presidindo o Consello Social da Universidade da Coruña, que trae causa das súas múltiples ocupacións e das dificultades que estas implican para a presidencia do Consello Social. O Sr. Reitor quere aproveitar este punto da orde do día para recoñecerlle publicamente á Sra. Jove Santos o seu labor e o seu xeneroso traballo á fronte desta institución durante todo este tempo.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, que intervén para informar a propósito da aplicación do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña. Logo da intervención realizada no Consello de Goberno do 22 de maio de 2008 pola Sra. Rodríguez Amoroso, representante do sector de estudantes, e do escrito formalizado con rexistro de entrada número 6402 do 12 de xuño de 2008 polo Sr. Fernández López, representante do persoal de administración e servizos, acerca das convocatorias de bolsas propias. A vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais quere informar de que o Rexistro público de bolsas foi creado e está na secretaría da devandita vicerreitoría; de que o Rexistro

cumpre as funcións de comprobación das modalidades de bolsas, da súa duración e do seu carácter rotatorio. Os requisitos administrativos relativos ás bolsas esixidos polo Regulamento para as adxudicacións son comprobados en todos os casos, pois son condición necesaria para emitir a credencial que autoriza o pagamento. Todas as convocatorias son publicadas na sección *actualidade* da páxina web e tamén nunha ligazón directa dedicada exclusivamente ás bolsas no enderezo www.udc.es/bolsas/ga. As bolsas convocadas foron as seguintes. Tarefas bibliográficas: 81; Colaboración departamento: 107; Aulas Net: 46; Centros: 12; Servizos universitarios: 27; Centros e servizos: 7; Programas de calidade: 14; Proxectos de investigación: 12; Convenios con outras entidades: 8. Todas foron adxudicadas e mesmo algunhas en distintas ocasións por ser obxecto de renuncia por parte dos adxudicatarios. O carácter formativo das bolsas está asegurado polas esixencias do Regulamento, mais tamén polo responsable da titorización do bolseiro e a memoria final.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa os membros do Consello de Goberno das acreditacións obtidas tanto por profesores titulares de escola universitaria (seis) como por profesores da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (tres) desde a realización da última sesión do Consello de Goberno.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen informa os membros do Consello de Goberno das alegacións e suxestións formalizadas pola Universidade a respecto da proposta de modificación do Plano Xeral de Ordenación Urbana da Cidade da Coruña, que se conteñen na documentación que está a disposición de todos os membros da comunidade universitaria na Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e das validacións de expedientes que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos. A Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2007 por importe de 8.837,06 euros (expediente V-6), de acordo co parágrafo primeiro da Base 9ª.2 do Orzamento e logo dos informes favorables do Servizo de Intervención. Pola súa parte, a Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno, consonte o parágrafo segundo da Base 9ª.2 do Orzamento e logo dos informes favorables do Servizo de Intervención, validou expedientes de gasto (incluídos nos expedientes C-10, C-11 e C-12) e

a correspondente imputación a créditos de 2008 de obrigas xeradas por importe de 1.468.162,01 euros, na súa sesión do 25.05.08.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen dá conta do comezo na Coruña e en Ferrol dos cursos de verán da Universidade da Coruña do ano 2008.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación. Intervén para indicar que, unha vez aprobado, no anterior Consello de Goberno do 22 de maio, o novo Regulamento do Servizo de Biblioteca, e atendendo ao seu artigo 8, sobre a composición da Comisión de Biblioteca da UDC, procedeuse á designación por parte do Reitor do representante do Servizo de Informática e Comunicacions, que é D. José M.^a Fernández López, Técnico Superior en Informática, coordinador da área de investigación e biblioteca do SIC. Así mesmo, a Xunta Técnica na súa reunión do 23 de xuño elixiu como representantes dos directores das bibliotecas de centros a D.^a Luisa Rivera Dourado (Socioloxía) e Marta Lago Méndez (Filoloxía) e como representante dos xefes de sección a D. Pedro Incio Piñeiro, xefe de Sección de Información e Coordinación.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 22 de maio de 2008

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do 22 de maio de 2008, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 50 convenios que figuran no **anexo II**, que se clasifican en convenios marco (1), convenios específicos (19) e convenios para prácticas (30) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Modificación orzamentaria

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa da proposta de modificación negativa 5080 300C 21200 («Reparacións; mantemento e conservación de edificios e outras construcións. Facultade de Ciencias da Educación») por importe de 5.000,00 € e tamén da proposta de modificación positiva 9810 422D 62300 («Maquinaria, instalacións e utensilios. VIXA») por importe de 5.000,00 €. Remata a súa intervención sinalando que tal modificación pretende contribuír ao financiamento de actuacións de inspección relativas á baixa tensión.

Sen rexistrarse ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase por asentimento a modificación orzamentaria en cuestión.

5. Regulamento da Comisión de Usuarios e elección dos membros da Comisión

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen informa da proposta de regulamento da Comisión de Usuarios, que figura no **anexo III**. A Sra. Vicerreitora dá conta das razóns principais que xustifican esta proposta, incidindo na idea de que a súa constitución se enmarca na necesidade de seguir avanzando cara á cultura da calidade, dado que esta comisión, concibida como órgano consultivo e asesor encargado de impulsar os procedementos de seguimento dos servizos da nosa universidade e dos prestados por empresas externas, servirá de canle á participación activa das persoas usuarias, como condición imprescindible para o desenvolvemento adecuado das prestacións que se ofertan ao conxunto dos colectivos da comunidade universitaria.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen considera que o razoable neste punto sería constituír primeiro a Comisión de Usuarios e logo aprobar o seu regulamento, que sería en todo caso elaborado polos propios membros desta comisión. En todo caso, considera igualmente moi positiva a súa constitución, por esta razón ve oportuno sinalar que a proposta de composición desta comisión semella estar descompensada e tamén que a súa relación de competencias, que vén establecida no artigo 4 da proposta de regulamento, non fica moi clara no relativo ás facultades de control. Remata a súa intervención sinalando que talvez sería aconsellable reflexionar algo máis sobre estas competencias. Tamén intervén o Sr. Soraluze Blond, quen considera que o regulamento e a elección dos membros desta comisión deberían ser tratados como puntos distintos e separados na orde do día desta sesión do Consello de Goberno e non aparecer englobados nun único punto, correspondendo o tema do

regulamento en primeiro lugar e o tema da elección en segundo lugar. Incide tamén no apuntado polo Sr. Delgado Martín a propósito de que a composición nalgúns casos está descompensada na representación dos sectores.

Rematada a quenda de intervencións, toma a palabra a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen agradece as suxestións formalizadas polos Sres. Delgado Martín e Soraluze Blond, mais entende que é mellor proceder primeiro a aprobar o regulamento e logo a elixir os membros da Comisión. A respecto da súa composición, non considera que sexa desproporcionada polo presenza de membros do equipo de goberno, que deben estar porque son responsables de servizos que se prestan á comunidade, e polo presenza de cinco estudantes, na medida en que constitúen o colectivo máis numeroso da nosa universidade.

Ábrese outra quenda de intervencións en que participa o Sr. Rodríguez Gayán, quen considera positiva esta proposta de comisión, aínda que estima necesario precisar algunhas cuestións relativas a que debe entenderse por usuario, ás súas funcións, pois cómpre saber se vai resolver reclamacións ou vai actuar como un ente consultivo e de realización de propostas de mellora dos servizos, e por último, se é unha comisión delegada do Consello de Goberno. En resposta, a Sra. Vicerreitora indícalle que os usuarios son os membros da comunidade universitaria que, a respecto da natureza, a Comisión é un órgano de consulta e de proposta, mais non de resolución de reclamacións e que non é unha comisión delegada do Consello de Goberno. Toma a palabra de novo o Sr. Soraluze Blond, quen incide na cuestión do papel desta comisión tendo en conta a súa composición, a que lle responde a Sra. Vicerreitora indicando que se trata dunha comisión que non pode ter outras funcións distintas das que ten, porque se tivese outras funcións habería unha multiplicidade de órganos. Sobre a base de que cada órgano ten a súa función, a Sra. Vicerreitora sinala que esta comisión ten como finalidade canalizar queixas e suxestións para que cheguen aos responsables e que, en ocasións, por outras vías non se poderían tramitar. Conclúe a súa intervención sinalando que con esta comisión se amosa a vontade de querer solucionar problemas que puideren existir sen medo ás críticas que tivesen a ben formalizar as persoas usuarias. Remata a quenda de intervencións o Sr. Valderruten Vidal, quen considera que outra das virtudes desta comisión é a da súa transversalidade, en tanto que aquí se poden atopar solucións a respecto do funcionamento de determinados servizos que logo serían de aplicación tamén para outros servizos.

Rematada a quenda de intervencións, apróbase por asentimento o regulamento da Comisión de Usuarios.

O Sr. Reitor dálle de novo a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de membros que teñen que ser elixidos polo Consello de Goberno para formar parte da Comisión de Usuarios e explica tamén os criterios que se seguiron para a configuración da proposta, logo de suxerilo así o Sr. Delgado Martín. A proposta de membros é a que segue.

Polo sector do estudantado

Diges Teijeira, Víctor
Castro Pousa, Tamara
Pereira Martínez, David
Ramos Carballedo, Miguel
Traba Pérez, María

Polo sector do profesorado

Peña López, Fernando
Viana Moldes, Inés

Polo sector do persoal de administración e servizos

Cordal Fuste, Jorge
Roel Vilas, Pilar

Apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno a proposta en cuestión.

6. Regulamento da Comisión de Relacións Internacionais e elección dos membros da Comisión

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen explica a proposta de regulamento da Comisión de Relacións Internacionais que figura no **anexo IV**. Trátase dunha proposta con que se pretende dar cumprimento ao Plano Estratéxico da Universidade da Coruña, en que se recolle o establecemento desta comisión como órgano encargado de fortalecer a dimensión internacional da Universidade da Coruña, ordenando e desenvolvendo as actividades relacionadas coa súa proxección internacional.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, quen incide na idea apuntada no anterior punto da orde do día, indicando que o razoable neste punto sería constituír primeiro a Comisión de Relacións Internacionais e logo aprobar o seu regulamento, que sería en todo caso elaborado polos propios membros desta comisión. Remata a súa intervención reparando no artigo 3 da proposta de regulamento, que relaciona as competencias desta comisión, especialmente naquelas materias que teñen que ver coa mobilidade e coa planificación de actividades da Oficina de Relacións Internacionais, en que a Comisión ten recoñecida a potestade de

«aprobar», que talvez non lle debería corresponder, na medida en que deberían ser outros os órganos con tales potestades, como é o caso do Consello de Goberno. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais agradécelle as súas e considera moi acertadas as suxestións relacionadas coa potestade de «aprobar», razón pola que propón retirar esta potestade concreta do texto da proposta.

Rematada a quenda de intervencións, apróbase por asentimento o Regulamento da Comisión de Relacións Internacionais, que figura no **anexo V**, incorporando o cambio proposto.

Segue co uso da palabra a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de membros que teñen que ser elixidos polo Consello de Goberno para formar parte da Comisión de Relacións Internacionais. A proposta de membros é a que segue.

Polo sector do estudiantado

González Domínguez, José Miguel

Neira Caridad, Rubén

Otero Otero, Pablo

Puente Castelo, Luis Miguel

Vierna Fernández, Joaquín

Polos coordinadores dos centros

Cagiao Villar, Juan

Crespo García, Begoña

Gómez Varela, Joaquín

Martínez Bustelo, Sandra

Santaballa López, Arturo

Polo sector do persoal de administración e servizos

Silva Pais, María

Apróbase por asentimento dos membros do Consello de Goberno a proposta en cuestión.

7. Elección dos membros da Comisión de Bibliotecas

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación. Comeza a súa intervención sinalando que cómpre completar a composición da Comisión de Biblioteca segundo o regulamento aprobado. E para tales efectos é necesario proceder á elección en Consello de Goberno de sete presidentes de comisións de bibliotecas de centros con representación das distintas ramas de coñecemento en que se estruturan os ensinos oficiais universitarios, coa seguinte distribución: 1 de Artes e Humanidades; 1 de Ciencias; 1 de Ciencias da Saúde; 2 de Ciencias Sociais e Xurídicas; 2 de Enxeñaría e Arquitectura. E tamén lle corresponde ao Consello de Goberno,

sempre segundo o regulamento en cuestión, escoller os catro representantes do alumnado, en que tamén haberá estudantes de terceiro ciclo.

A Sra. Vicerreitora de Investigación indícalles aos membros do Consello de Goberno que se puxo en contacto con todos os presidentes de comisións de biblioteca para coñecer a súa dispoñibilidade e elaborar unha proposta consensuada, do mesmo xeito que se fixo cos representantes de alumnos, para ser presentada ao Consello de Goberno. A proposta é a que segue:

Presidentes de Comisións de Bibliotecas de Centros:
Manuel Fernández Ferreiro (Artes e Humanidades)
Moisés Canle López (Ciencias)
Manuel Romero Martín (Ciencias da Saúde)
Paula Mendiri Ruiz de Alda (Sociais e Xurídicas)
Eduardo Cebreiros Álvarez (Sociais e Xurídicas)
Alberto Valderruten Vidal (Técnicas)
Manuel Casteleiro Maldonado (Técnicas)

Alumnos:
Antía Fernández Miraz
Marcos Loureiro Díaz
M.^a Amelia Fraga Mosquera
Azucena Rodríguez Amoroso

Acéptase a proposta e sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase por asentimento que a Comisión de Bibliotecas da Universidade da Coruña quede integrada pola relación de membros antes detallada.

8. Denominación de títulos de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de denominación do título de grao pola Escola Universitaria de Estudos Empresarias, que é o de «Grao en Ciencias Empresarias pola Universidade da Coruña». Trátase dunha proposta que implica un cambio a respecto da proposta inicial («Grao en Finanzas, Contabilidade e Tributación pola Universidade da Coruña»), que non puido prosperar no seu día por non contar co apoio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo, que a consideraban como unha proposta de titulación de nova creación. Remata a súa intervención a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións indicando que a Universidade da Coruña non renuncia á proposta inicial de denominación de «Grao en Finanzas, Contabilidade e Tributación pola Universidade da Coruña»

Apróbase por asentimento dos membros Consello de Goberno a proposta en cuestión.

9. Comisións mixtas de elaboración das materias dos títulos de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da composición da comisión mixta de elaboración das materias dos títulos de grao no centro adscrito da Escola Universitaria de Turismo. Trátase dunha comisión integrada do seguinte xeito.

Un/unha profesor/a da EU de Turismo
O decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
O decano de Socioloxía
A directora da Escola Universitaria de Estudos Empresariais
A vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías
O director da Unidade Técnica de Calidade
A adxunta á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións para titulacións
A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións

10. Acceso a novas titulacións de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa os membros do Consello de Goberno da proposta de acceso ao cuarto curso do Grao en Terapia Ocupacional no curso académico 2008/2009, que figura no **anexo VI**.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Fernández López, quen amosa a súas dúbidas sobre a capacidade da Universidade da Coruña para decidir sobre este tipo de materias, que parecen ser cuestións reguladas por normas estatais. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións indícalle que neste caso concreto estase a actuar seguindo as indicacións da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA). Tamén interveñen o Sr. Soraluze Blond, que pregunta sobre a posibilidade de aplicar este sistema de acceso noutras titulacións, como é o caso das técnicas; o Sr. Casabella López, quen incide na mesma cuestión; e por último, o Sr. González Veira, quen se interesa polo acceso ao grao das persoas diplomadas e a reserva de prazas. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións toma de novo a palabra para indicarlles que nestes casos hai que ter en conta sempre as indicacións que para tales efectos veñan da ANECA, á parte de ter superadas as condicións que legalmente se poidan establecer.

Apróbase a proposta de acceso a novas titulacións, concretamente da proposta de acceso ao cuarto curso do Grao en Terapia Ocupacional no curso académico 2008/2009.

11. Calendarios de estudos de doutoramento 2008/2009

Despois da intervención da vicerreitora de Investigación, en que dá conta da proposta de calendarios de estudos de doutoramento 2008/2009 (correspondentes ao Real decreto 778/1998 e ao Real decreto 56/2005), que figura no **anexo VII** e sen rexistrarse ningunha intervención, apróbase por asentimento a proposta en cuestión.

12. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da relación de prazas de profesorado que figura no **anexo VIII**, en que se conteñen prazas estruturais (convocatoria ordinaria de prazas e promoción de persoal docente e investigador habilitado) e prazas conxunturais (convocatoria ordinaria de prazas e prazas de mestrados oficiais). Trátase dunha relación de prazas que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). Desta relación retíranse, para a súa revisión, as prazas de profesor interino de substitución do Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística e de contratado interino de substitución P5 do Departamento de Psicoloxía.

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, toma a palabra o Sr. Tasset Carmona, quen se interesa pola praza de contratado doutor do Departamento de Filosofía e Métodos de Investigación en Educación. O Sr. Vicerreitor de Profesorado indícalle que se trata dunha praza que supón a amortización dunha praza de asociado T3P4 e dunha de titular de universidade por xubilación. Tamén toma a palabra o Sr. García Núñez, quen, como director da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Ferrol, desexa amosar a súa desconformidade coa proposta de creación da praza de contratado doutor da Área de Dereito Administrativo do Departamento de Dereito Público Especial con docencia na Facultade de Dereito, porque implica a amortización dunha praza T3P3, que no curso anterior era T3P6, con docencia na Escola Universitaria de Relacións Laborais de Ferrol, por esta razón a escola quedará cun docente menos. Remata a súa intervención indicando, ademais, que obrando desta maneira non semella respectarse a norma aprobada no seu día para proceder á integración deste centro na Universidade da Coruña. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado indícalle que, a día de hoxe, a docencia é competencia dos departamentos e non dos centros e que neste caso o Departamento de Dereito Público Especial acordou isto e hai que respectar a súa decisión. E remata a súa intervención sinalando que esta nova praza trae causa dun programa específico de substitución de asociados por profesorado contratado laboral indefinido, que implica que profesionais que prestan os seus servizos na universidade

reduzan a súa docencia ou cesen para permitir a promoción universitaria do persoal docente e investigador en formación e formado; profesionais a quen, en todo caso, hai que lles agradecer o seu labor e a súa dedicación á universidade.

Ábrese outra quenda de intervencións en que participa de novo o Sr. García Núñez para manifestar que vota en contra desta proposta concreta de creación de praza, mais respectando en todo momento a decisión do Departamento de Dereito Público Especial. Tamén interveñen os Sres. Teijeiro Vidal, quen considera importante que se respecte a norma de integración da Escola Universitaria de Relacións Laborais, e o Sr. Rodríguez Gayán, quen comparte plenamente a filosofía do programa de substitución de asociados por profesorado contratado laboral indefinido, porque se trata dun programa que permitiu a promoción universitaria dos investigadores que xa teñen a condición de doutor.

Co voto en contra do Sr. García Núñez a respecto da proposta de creación da praza de contratado doutor de Dereito Administrativo, apróbase a relación de prazas de profesorado que figura no **anexo IX**.

13. Licenzas

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta das solicitudes presentadas para os efectos de concesión de licenzas, que foron catro, aínda que a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) só informou favorablemente as tres que figuran no **anexo X**, os membros do Consello de Goberno aproban por asentimento as solicitudes de licenza en cuestión.

14. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Graña López, quen se interesa polo programa de promoción dos titulares de escola universitaria e colaboradores e polas solicitudes formalizadas na universidade e no seu centro, e tamén, a respecto do punto 4 da orde do día desta sesión, pola descentralización das partidas de revisión eléctrica dos centros. En resposta, toma a palabra primeiro o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lle dá conta das solicitudes formalizadas e, a continuación, toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica para sinalarlle, a propósito da citada descentralización, que no caso apuntado se chegou a un acordo entre o centro afectado e a Vicerreitoría para facer fronte conxuntamente aos gastos.

Toma a palabra o Sr. González López, quen solicita recibir a documentación do Consello de Goberno por correo ordinario e por correo electrónico. En resposta, o Sr. Secretario Xeral indícalle que se lle pode facer chegar polas dúas vías, máis lémbrale que hai un acordo do Consello de Goberno polo que se incentiva o envío por correo electrónico, en tanto que é máis rápido e permite reducir o emprego de papel, de xeito que se contribúe a manter un medio ambiente sostible.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen incide na súa intervención no Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, sobre esta cuestión xa deu explicacións a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais no punto 1 da orde do día desta sesión do Consello de Goberno. O Sr. Fernández López interésase polos datos que se recollen no rexistro, concretamente a partir de que momento se recollen, e tamén polo número de bolsas dos Departamentos. Remata a súa intervención solicitando que o Consello de Goberno aprobe as contías mínimas e máximas das bolsas, que aínda están por determinar; que se distingan as bolsas de colaboración das bolsas de investigación; que sexan obxecto de control as convocatorias de contratos-programa que inclúen bolsas; e por último, que haxa tamén control para garantir que as bolsas sexan realmente formativas. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais sinalalle que o rexistro recolle os datos esixidos polo regulamento das bolsas convocadas a partir da entrada en vigor desta norma e que as contías mínimas e máximas actuais, que revisará o Consello de Goberno, son as que se veñen aplicando desde sempre. Remata a súa intervención indicándolle que a filosofía actual dos contratos-programa é consecuencia da aplicación do plano estratéxico e que as bolsas que agora están a ser convocadas traen causa de convocatorias anteriores de contratos-programa.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 13.30 h.